

# O Museo das Mariñas

## ideas para renacer

ALFREDO ERIAS

25-II-1989

O MUSEO DAS MARIÑAS podería definirse como de carácter histórico e antropolóxico, sendo a súa área de influencia a cidade de Betanzos e a comarca das Mariñas, aínda que poidera abracer, conxunturalmente, a antiga provincia de Betanzos ou máis aló.

Diante da súa reubicación no antigo convento de Santo Domingo, móstranse aquí algúns datos e ideas que poden servir como elemento de traballo para a súa instalación definitiva. Estas ideas, das que me responsabilizo e que veño expoñendo nos medios oficiais onde me movo, considero debo facelas públicas, sobre todo porque deste xeito pódese provocar unha dialéctica a tódolos niveis, enriquecedora tanto no aporte de ideas como no de pezas.


Convén ter en conta que no proceso que vai desde un esbozo de ideas, como é este caso, á selección e fixación das mesmas, pasando logo polo traballo de arquitectos, técnicos de montaxe, asesores da Consellería de Cultura e Deportes, etc., o resultado final pode presentar moitos cambios con respecto ó que aquí se mostra. Ademais, unha cousa e falar dos posibles conxuntos expositivos e outra te-lo espacio suficiente. A dialéctica ideas-espacio vai ser moi importante desde tódolos puntos de vista.

Esquemáticamente, e de maneira non exhaustiva, enumero a información en tres apartados: 1) conxuntos expositivos posibles; 2) existencias de pezas para cada conxunto, e 3) necesidades.

Conxunto expositivo:  
**O MEDIO XEOGRAFICO**  
(corredor baixo)

Existencias:  
-Diversos facsímiles de mapas de España, Galicia, antiga provincia de Betanzos, etc.  
-...

Necesidades:  
-Enmarcar mapas.  
-Realizar mapa en relieve da comarca das Mariñas.  
-Realizar mapa en relieve da antiga provincia de Betanzos.  
-Panel: vías de comunicación antigas e modernas.  
-Panel: medio natural.



(2) Plano da cidade de Betanzos existente no mapa da provincia da Coruña, feito polo coronel de enxeñeiros Francisco Coello en 1865 para o Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de Pascual Madoz.



Conxunto expositivo:  
**VIDA E MORTE NA IDADE MEDIA**  
(lugar: corredor baixo)

Existencias:

- Diversos sepulcros e elementos afins.
- Restos de columnas, basas, arcos, 1 capitel, etc.
- Mapamundi de Ptolomeo (facsimil).
- Mapamundi de 1375 de Abraham e Jafuda Cresques (facsimil, 4 m.).
- Mapamundi de Benicasa (facsimil).
- Mapamundi de Walsperger (facsimil).
- Códex Granatensis (facsimil).

...

Necesidades:

- Sería bo poder utilizar 3 sepulcros pegados por fora á igrexa de Santa María do Azougue, atopados ó arranxa-las rúas.
- Realizar vaciado de lápida funeraria árabe que apareceu na igrexa de Santa María do Azougue no s. pasado e que hoxe está no Museo da Alhambra en Granada. Existe un vaciado no Museo Arqueolóxico de San Antón (A Coruña).
- Recuperar un número importante de capiteis do claustro gótico do antigo mosteiro de San Francisco, actualmente nunha casa particular en Betanzos.
- Instalar nas paredes os sepulcros e elementos afins.
- Marcos e instalación de mapas.
- Vitrina para Códex Granatensis.
- Panel: o pobo na Idade Media.
- Panel: a nobreza na Idade Media.
- Panel: o clero na Idade Media.
- Panel: a morte na Idade Media.
- Panel: as igrexas, síntese da vida e da morte.

...

Conxunto expositivo:  
**DEFENSAS**  
(corredor baixo)

Existencias:

- Maquetas do castelo de Mens (Malpica), Príncipe (Cee), Cardenal (Corcubión), Soberano (Camariñas), San Carlos, Cereixo, ... Todas elas foron realizadas polo maquetista Don José Manuel Sánchez.
- Cañón de fortaleza.
- Bala de cañón.

...

Necesidades:

- Vitrinas para maquetas.
- Reconstrucción da cureña do cañón.
- Panel: construccions defensivas das prov. de Betanzos e da Coruña.

...

Conxunto expositivo:  
**O TRANSPORTE**  
(corredor baixo)

Existencias:

- Carro.
- Zorra.

...

Necesidades:

- Arranxa-los elementos existentes.
- Conseguir outros elementos.
- Panel: o transporte.

...

Conxunto expositivo:  
**O VIÑO**  
(corredor baixo)

Existencias:


- Restos do lagar do Pazo de Bendaña ( viga e outras pezas).
- Medidas do viño (netos, azumbres, cántaras, ).

...

Necesidades:

- Reconstruí-lo lagar e instalalo.
- Conseguir más pezas do proceso do viño: goxo, etc.
- Vitrina para medidas.
- Panel: o viño de Betanzos (proceso).

...



Conxunto expositivo:

**HERALDICA**

(paredes da escala de acceso á 1<sup>a</sup> planta e tamén se podería utilizar a parte alta de todo o corredor baixo)

Existencias:

- Escudo da cidade, procedente do antigo Cuartel de Milicias (xa instalado).
- Escudo da casa de Cortiñas (xa instalado).
- Escudo da casa dos Vilousaz (xa instalado).
- Escudo de esquina procedente da Porta da Vila.
- Cimeira dun escudo (elmo).
- Escudo máis antigo da cidade, s.XV, existente na igrexa de S. Francisco (vaciado).

....

Necesidades:

Trátase de dar unha visión xeral da arte heráldica ó longo do tempo na cidade e comarca mediante unha selección de escudos ós que se lles faría un vaciado. Porque, a falta do orixinal, somente un vaciado pode mostrar a realidade do escudo en tódalas súas dimensións. Por iso, a utilización de outros medios como fotografías ou debuxos deben quedar só como complementos ou mellor como elementos a utilizar nun desexable panel que expresa a tipoloxía dos escudos da comarca.

Conxunto expositivo:

**A CAZA MEDIEVAL**

(corredor alto Este)

Trátase de ambientar esta actividade en función da existencia en Betanzos do gran cazador medieval por excelencia: FERNAN PEREZ DE ANDRADE. Utilizaríanse elementos andradianos, pero con sentido pedagógico do persoaxe, do seu estamento social, da actividade e do seu mundo. Isto faríase mediante vaciados selectivos sobre os que se actuaria: reconstruindo roturas, mesmo naturalizando todo ou parte, mediante pintura segundo a estética das miniaturas, etc. E dicir, tratariase de acerar á xente os elementos xa coñecidos mediante a utilización de referencias da propia época.

Existencias:

- Poderíase utilizar tamén aquí o Códex Granatensis polas escenas de caza que ten, etc.

....

Necesidades:

- Vaciados selectivos.
- Faecímiles de libros de caza e montaría de época.
- Panel: a caza como actividade nobiliaria e de preparación para a guerra: relacións Betanzos-Portugal...

....

Conxunto expositivo:

**A CASA CAMPESINA**

(sala Norte-Este, encima da Sacristía)

Incluiría aquí os elementos do tecido da lana e do liño

Existencias:

- Mesa escano.
- Cama.
- Cómodas.
- Ferros da lareira.
- Louza popular.
- Candís.
- 2 teares.
- Rocas, fusos, ...
- Ripo.
- Gramadeira.
- Devandoira.
- Sarillo.

....

Necesidades:

- Construir lareira tradicional na parede N.
- Construir corte de casa tradicional (teito, faiado, piso e comedeiras do gando) na parede S.
- Conseguir unha camariña.
- Vitrina para elementos do alumbrado tradicional.
- Vitrina para louza popular.
- Panel: proceso do liño.
- Panel: tipoloxía de casas campesiñas nas Mariñas.
- ....



Conxunto expositivo:

**AUGADORAS**

(corredor alto)

Existencias:

-Fotos.

-Sella.

....

Necesidades:

-Vitrina para sella.

-Panel: augadoras.

-Se fora posible, taller dun selleiro.

-Panel: como facer unha sella para a auga.

....

Conxunto expositivo:

**VESTIDOS**

(corredor alto)

Existencias:

-Traxe antigo de mariñana.

-Fotografías.

-Promesa de depósito duns 4 traxes de muller do s.XIX por parte de 2 familias betanceiras.

....

Necesidades:

-Vitrinas.

-Panel: vestidos.

....

Conxunto expositivo:

**TORNEIRO**

(corredor alto)

Existencias:

-Roda de torno.

-Platos e demás elementos de pao.

....

Necesidades:

-Conseguir torno tradicional e con el as ferramentas que utilizaba o torneiro.

-Panel: os traballos do torneiro.

....

Conxunto expositivo:

**FERREIRO**

(corredor alto)

Existencias:

-Debuxos meus de ferros de portas ("espellos") de antigas casas de Betanzos e algunas da comarca.

....

Necesidades:

-Reproducir en ferro eses espellos antigos das portas e situálos según a tipoloxía das formas.

-Algunhas (polo menos) ferramentas do ferreiro, áinda que se houbera espacío non estaría mal unha pequena forxa.

....

## **OLEIRO (ALFAREIRO)**

(corredor alto)

Trátase de representar o mundo da alfarería que houbo en Betanzos, do que áñda queda polo menos un taller.

Conxunto expositivo:

## **O AFIAÐOR**

(Planta alta)

Ata hai pouco tempo había en Betanzos un home, chamado "Pepe o Afiaðor" que era moi popular. A súa familia viñera de Ourense e el foi o último afiaðor de Betanzos.

Existencias:

-Fotos.

Necesidades:

-Consegui-la súa roda de afiar e máilo resto dos elementos propios do oficio.



Conxunto expositivo:

## **A TORTILLA DE BETANZOS**

(Planta alta)

Existencias:

-Fotos.

Necesidades:

-Consegui-los instrumentos con que se facía a famosa tortilla da Casilla.  
-Panel: Gastronomía de Betanzos e as Mariñas. Proceso da tortilla.

Conxunto expositivo

## **CAMPESÍÑOS**

(corredor alto)

Existencias:

-Diversos instrumentos agrícolas.

-Medidas agrícolas tradicionais.

-...

Necesidades:

-Panel: ciclos agrícolas.

-Panel: o proceso dos cereais. Tamén aquí é aplicable a utilización dunha visión diacrónica, cando sexa posible. Por exemplo, na acción de moer o cereal, pódese mostrar desde o muiño de man castrexo-romano ó de auga medieval que chega ata nós e mesmo ó eléctrico máis recente.

-Vitrina para medidas agrícolas.

-Tamén podería ser coherente situar aquí as danzas de labradores.

-...

Conxunto expositivo:

## **MARIÑEIROS**

(corredor alto)

Existencias:

-barca pequena de pesca.

-Algún instrumento de pesca.

-Fotos.

-...

Necesidades:

-Máis elementos propios dos mariñeiros.

-Panel: mariñeiro da ría de Betanzos.

-Tamén se poden situar aquí as danzas de mariñeiro.

-...

Conxunto expositivo:

## **FEIRAS**

(corredor alto)

Existencias:

-Pesas e medidas.

-Fotografías.

-...

Necesidades:

- Vitrina para pesas e medidas.
  - Vitrina para romanás e balanzas.
  - Panel: comerciantes.
  - Panel: feiras tradicionais da cidade e da comarca.
  - ....
- 

Conxunto expositivo:

### **IRMANS GARCIA NAVEIRA**

(corredor alto Oeste)

Existencias:

- 2 bustos de bronce dos irmáns.
- Cadro de Morelli que representa á muller de Don Jesús García Naveira.
- Diversos elementos rescatados do que foi o Museo Pedagóxico das Escolas "García Hermanos".
- Diversos libros escolares desde o s.XIX.
- Bandeira das escolas que custodia o derradeiro mestre, D. José Dapena Espiñeira.
- ....

Necesidades:

- Restaura-lo cadre de Morelli.
  - Realizar pedestais para os bustos de bronce e instalalos.
  - Limpar e restaurar no posible os elementos do Museo Pedagóxico.
  - Vitrina de 4 m. de longo para libros escolares antigos.
  - Panel: biografía dos Irmáns García Naveira como indianos e como benefactores.
  - Panel: O Pasatempo.
  - ....
- 

Conxunto expositivo:

### **RAPACES**

(corredor alto Oeste, ó lado do conxunto adicado ós Irmáns García Naveira se é posible)

Existencias:

- Fotos antigas.
- ....

Necesidades:

- Recoller elementos de xogos antigos, facer debuxos, etc.
  - Panel: xogos da cidade e comarca.
  - Panel: imaxes dos rapaces de antes.
  - ....
- 

Conxunto expositivo:

### **A IMAXE DA CIDADE**

(corredor alto)

Existencias:

- Fotos.
- ....

Necesidades:

- Panel: evolución xeral da cidade.
- Panel: imaxes da cidade.
- Maquetas de conxunto.
- Maquetas dos tipos fundamentais de casas betanceiras.
- ....

Conxunto expositivo:

### **ARQUEOLOXIA**

(corredor alto)

Existencias:

- Ara romana de Fervenzas.
- Muiños castrexos.
- Cerámica castrexa.
- Falo castrexo.
- Machados e outros instrumentos de tipoloxía neolítica.
- ....

Necesidades:

- Conseguir machado neolítico de Tiobre no Museo da Real Academia Galega.
  - Conseguir machados de bronce de Ambroa, actualmente no Museo da Real Academia Galega.
  - Instalación da ara romana.
  - Instalación dos muiños más representativos.
  - Vitrina para a cerámica.
  - Recunstruir algún cacharro castrexo na medida do posible.
  - Vitrina falo.
  - Vitrina instrumentos neolíticos.
  - Panel: mundo prehistórico na comarca.
  - Panel: mundo castrexo na comarca.
  - Panel: mundo romano na comarca.
  - ....
-



Conxunto expositivo:  
**ANTIGO HOSPITAL DE SAN ANTONIO**  
 (Sala alta . . . )

Existencias:

-13 tablas que representan ós Apóstoles (restauradas) e unha que representa ó Salvador (en restauración). Son copia de época (s.XVII) do apostolado de Rubens que se atopa hoxe no Museo do Prado.

-Porta do arquivo do Hospital. Consta de 2 follos e nelas represéntanse ós fundadores do Hospital (s.XVII) pintados ó óleo.

-Virxe "Dolorosa" da capela do Hospital. Está articulada e pode ser do s.XVII ou XVIII.

Portas do Arquivo do Hospital de San Antonio de Padua no Museo das Mariñas. Representan ós fundadores do dito Hospital: Don Antonio Sánchez de Taybo y Vilouzas e Dona Estefanía de Valencia y Guzmán.  
 1674

Necesidades:

- Restaura-la porta do arquivo do Hospital.
- Panel: os hospitais antigos en Betanzos.
- Panel: o Hospital de San Antonio.
- Panel: curandeiros e menciñeiro como depositarios dun saber antiguo.
- Especial control de temperatura e humidade.
- ...

Conxunto expositivo:

## **RELIXION**

(corredor alto)

Existencias:


- Virxe popular da casa de Paio (Oza dos Ríos).
- Diversas imaxes procedentes de igrexas.
- Vestidos litúrxicos.
- Crucifixos.
- Cun sentido funcional e amplio, aquí tamén poderían situarse elementos relixiosos do pasado remoto como a ara de Fervenzas ou o falo castrexo. E así mesmo elementos da relixiosidade popular con toda a súa complexidade histórica e antropolóxica.

...

Necesidades:

- Vitrinas.
- Panel: o ciclo relixioso católico.
- Panel: as relixións antigas (metamorfose e pervivencia).
- Panel: a relixiosidade popular.
- Vitrinas.

...



Conxunto expositivo:

## **A MEDIDA DO TEMPO**

(corredor alto)

Existencias:

- Un reloxo de torre desarmado. As pezas foron feitas por ferreiro na forxa e unha delas ten a seguinte inscrición: LOMBARDERO, LO HACIA PARA LA M.N. Y M. L. CIU[DAJD DE BETANZOS: SIENDO CORREGIDOR DE ELLA EL SR. DN IVAN PASARIN Y LLAMAS Y PROCU[RADJOR GEN[ER]JAL DN JOSE PH. GONZALEZ VILLAMIL [AÑO] DE 1757 N° 5. Vai empezar a reconstruílo o profesor Carro e algúns dos seus alumnos do Instituto de Formación Profesional de Betanzos.
- Outro reloxo de torre desarmado, máis moderno.

...

Necesidades:

- Arma-los dous reloxios de torre.
- Conseguir outros reloxios.
- Panel: a medida do tempo na cidade e na comarca.

...

Conxunto expositivo:

## **FESTAS**

(corredor alto)

Existencias:

- Fotos.
- Prensa e documentos textuais.
- Promesa de depósito de elementos relativos ó Globo.
- Espadas vellas da danza de labradores.

...

Necesidades:

- Panel: festas da cidade e comarca.
- Panel: Globo.
- Panel: Caneiros.
- Panel: danzas gremiais.
- Vitrina para elementos relativos ó Globo.

...

Conxunto expositivo:  
**PERSOAXES E SIMBOLOS**  
(corredor alto Este)

Existencias:


- Colección de fotografías de Alcaldes da cidade.
- Colección de fotografías de persoaxes ilustres da cidade e comarca.
- Bandeira das Irmandades da Fala.
- Sellos do Concello e outras institucións.
- Tambor dos bandos de 1844.
- Medallas de Alcalde e concelleiro.
- Medalla de "Regidor".

...

Necesidades:

- Conseguir bastóns de mando en familias betanceiras.
- Conseguir bandeira do Batallón Provincial de Betanzos no Museo da Real Academia Galega.
- Conseguir medalla de Betanzos de época de Fernando VII, existente no Museo da Real Academia Galega.
- Conseguir placas de plomo con inscripcións do s.XVIII, atopadas nas galerías subterráneas da cidade e alusivas ó suposto xacemento de mercurio. Están no Museo da Real Academia Galega
- Vitrina ou marco para a bandeira das Irmandades da Fala.
- Vitrina para tambor dos bandos.
- Vitrina para bastóns de mando e medallas da cidade.
- Vitrina para sellos da cidade.
- Panel: nomes e cronoloxía de corredores e alcaldes.

...



---

**ANTOLIN FARALDO-REVOLUCION  
DE 1846**

(corredor alto, ligado espacialmente a CASTELAO).

Existencias:

- Fotos.
- Documentos
- Promesa de depósito dun fusil que serviu para fusilar ó Sarxento Samitier na Cruz Verde en Betanzos.

**CASTELAO-BETANZOS  
EMIGRANTE**

(corredor alto, ligado espacialmente a PERSOAXES E SIMBOLOS)

Existencias:

- Busto en bronce de Castelao que estaba no Centro Betanzos de Bos Aires.
- Fotos.
- Documentos.
- Publicacións.

Conxunto expositivo:

### VEIGA ROEL

(Planta alta)

Considero da maior importancia que no Museo das Mariñas haxa unha sala dedicada a Don José Veiga Roel (1894-1976), fotógrafo e debuxante (entre outras facetas) de prestixio internacional. A súa obra, ademais, condensa o espírito do Museo das Mariñas, tal como se ven expoñendo aquí, porque os seus temas preferidos eran: a xente de Betanzos e a súa vida, a paisaxe das Mariñas, a imaxe da cidade e as súas xoias históricas e artísticas, etc. E

todo isto, coidando cun mimo inaudito os valores puramente estéticos, desde o encadre inicial ó acabado da obra.

Existencias:

- Referencias indirectas a través de publicacións.
- ...

Necesidades:

- Contactar coa súa familia e con todas aquelas persoas que teñan obra súa, para estudiar a viabilidade desta sala con elementos orixinais.

\*\*\*

A lista de conxuntos expositivos posibles podería ser moi longa e, en calquier caso, non creo que fora posible montalos todos nun primeiro momento. O esencial, para empezar, non está na cantidade dos temas expostos, senón na axeitada maneira de expoñelos.

Se ó remate se consigue que o montaxe do Museo sexa digno e que a xente de Betanzos e da comarca se identifique con el, o éxito non será pequeno. Pero o Museo non remata aí, porque para que teña vida e futuro precisa doutras cousas que estean funcionando detrás da fachada: persoal capacitado e estable; medidas de seguridade a tódolos niveis; zonas de traballo (dirección, laboratorio fotográfico, etc.); almacén, entendido como lugar de depósito en perfectas condicións de todas aquellas pezas que non estean expostas, etc. O Museo das Mariñas, deste xeito, podería ser un gran dinamizador da vida cultural (e indirectamente da económica) de Betanzos e da súa comarca.

